



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIO DO 3 DE XUÑO DE 2020

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria. Ratifícase a urxencia.

2.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde relativa á aprobación e aboamento de factura por axudas de bolsas de comedor do 16 ao 30 de abril 2020, contrato de emerxencia COVID-19. Apróbase o citado aboamento por importe de 16.155 euros facturados pola empresa Freire Chico.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación da "Dirección Facultativa (Dirección de Contrato de Obras, Dirección de Obras, Dirección de Execución de Obras, Dirección de Execución de Instalacións e Coordinación de Seguridade e Saúde) das obras definidas no proxecto denominado "ACTUACIÓN NO CAMIÑO FRANCÉS - REMODELACIÓN DA RÚA CONCHEIROS". Apróbase o expediente, así como o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 152.568,59 euros, IVE aparte (IVE do 21% que ascende a 32.039,4 euros)

4.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación da execución das obras recollidas no proxecto "Acondicionamento de terreo na rúa Triacastela para aparcadoiro en superficie". Apróbase o expediente , así como o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 244.054,83 euros, IVE aparte (IVE ao 21% por unha cantidade de 51.251,51 euros).